



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
JGL/2021/12	La Junta de Gobierno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	24 de novembro de 2021
Duración	Desde as 10:00ata as 11:00horas
Lugar	Despacho da Alcaldía
Presidida por	rocio lopez garcia
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 28/10/2021.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--





Concello de Lourenzá

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e oito de outubro do dous mil vinte e un (28/10/2021), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

Expediente 472/2021.SOLICITUDE DE LICENCIA MADERAS NACIENTE S.L. CORTA DE ÁRBORES

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. ANDRÉS MOIRÓN GARCÍA** con NIF. NÚM.****9313J, en representación de **MADERAS NACIENTE S.L.** con CIF. B27106061 domicilio en Soutelo núm. 14 da Parroquia de Santa María con data 18/08/2021, e a súa vez en representación de D^a JOSEFA BLANCO LÓPEZ con NIF. ****8912P, sendo rexistrada co núm. 1722, para a realización dos traballos consistentes en **TALA DE 24 ÁRBORES DA ESPECIE PINUS PINASTER,** na parcela con Referencia Catastral 27027C006015460000DU, no lugar de Pacio da Parroquia de Santo Tomé do Termo Municipal de Lourenzá.

Vista a documentación presentada así como o informe do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da tala solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 04/11/21 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de Combre.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- As obras solicitadas consisten na tala de árbores dentro do solo de núcleo rural e de acordo co disposto no artigo 3.3 da Lei 3/2007 é obriga das persoas propietarias de terreos forestais e zonas de influencia forestal mantelos en condicións que contribúan a previr o evitar incendios forestais, respectando as normas de xestión da biomasa e no artigo 135 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, no párrafo 3 dispón que os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural, e no seu caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do





Concello de Lourenzá

imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar setenta e dous euros (72,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dous mil catrocentos euros (2.400,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Expediente 473/2021. SOLICITUDE LICENCIA TALA MADEIRA DE MADERAS NACIENTE S.L.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **D. ANDRÉS MOIRÓN GARCÍA** con NIF. NÚM.****9313J, en representación de **MADERAS NACIENTE S.L.** con C.I.F. B27106061 domicilio en Soutelo núm. 14 da Parroquia de Santa María con data 18/08/2021, e a súa vez en representación de D. ANDRÉS BALSEIRO CARREIRAS con N.I.F. ****2492J, sendo rexistrada co núm. 1723, para a realización dos traballos consistentes en **TALA DE 22 ÁRBORES DA ESPECIE PINUS PINASTER**, na parcela con Referencia Catastral 27027C00501140000DF, no lugar de Combre da Parroquia de Santo Tomé do Termo Municipal de Lourenzá.

Vista a documentación presentada así como o informe do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da tala solicitada.
 - 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 04/11/21 a saber:
 - Estrita suxeición ao solicitado.
 - Normativa aplicable: Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de Combre.
 - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
 - As obras solicitadas consisten na tala de árbores dentro do solo de núcleo rural e de acordo co disposto no artigo 3.3 da Lei 3/2007 é obriga das persoas propietarias de terreos forestais e zonas de influencia forestal mantelos en condicións que contribúan a previr o evitar incendios forestais, respectando as normas de xestión da biomasa e no artigo 135 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, no parágrafo 3 dispón que os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural, e no seu caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios.
 - Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.
- Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do





Concello de Lourenzá

imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar sesenta e seis euros (66,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dous mil douscentos euros (2.200,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Expediente 575/2021. SOLICITUDE LICENCIA ACTIVIDADE D-ª CINTIA GARCÍA IRIMIA. COMERCIO MENOR LIBROS, PERIÓDICOS, REVISTAS, ARTÍCULOS DE PAPELERÍA, ESCRITORIO Y DIBUJO

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente tramitado a instancia de Dª. CINTIA GARCÍA IRIMIA con N.I.E. nº ****3048V con domicilio en Arroxo núm. 18, da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, quen solicita a regulamentaria licencia para abrir ao público un establecemento que haberá de dedicarse á actividade de “Comercio menor de libros, periódicos, revistas, artigos de papelería, escritorio y dibujo” cuxo local está situado en Rúa Fernández del Riego, núm. 5, baixo 02 da Parroquia de Santa María deste termo municipal.

Visto o informe favorable do Arquitecto Técnico Municipal de data 12/11/21.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito da licencia que se pretende, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Conceder a licencia que se solicita así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente, cuxo importe ascenderá á cantidade de setenta e oito euros con dezaoito céntimos (78,18, que deberá ser ingresada previamente en arcas municipais, sen cuxo requisito a licencia non terá efecto algún.

Expediente 62/2021.REBAIXA CANON SOGAMA 2021 NA TAXA RECOLLIDA L 4º TRIMESTRE 2021.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Neste punto da orde do día, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúe o seu número legal, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que esta redactada e que son os que se transcriben literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.-

Visto que a Lei 3/2018 de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduciu, mediante o seu artigo 11, un novo apartado Tres bis, na Disposición Adxuntada vixésimo primeira da Lei 11/2013 de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, que establece a redución do canon SOGAMA do 4º trimestre do ano 2021, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, acordou aprobar a proposta da Alcaldía nos termos nos que esta redactada e que son os que se transcriben literalmente:





Concello de Lourenzá

Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, polo que se abre a posibilidade de establecer bonificacións no canon unitario de tratamento de residuos urbanos, sempre que concorran circunstancias económicas de cumprimento dos obxectivos orzamentarios e as previsións do plan de viabilidade da Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama). Visto que, nun principio, no ano 2018 déronse estes requisitos e polo tanto o Consello de Administración da Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) vén de acordar unha rebaixa do 10% no canon que cobra aos concellos adheridos, e que tivo efecto a partires do mes de xaneiro do 2019 e que pasou de 69,83 euros/tonelada + IVE aos 62,93 euros/tonelada + IVE.

Visto que esta bonificación vincúlase ao cumprimento de dous requisitos básicos: procurar unha redución da xeración de lixo e/o fomentar a reciclaxe de envases lixeiros, conforme as directrices europeas e o modelo de economía circular cara ao que debemos avanzar, así como trasladar esta rebaixa do recibo da veciñanza en calidade de beneficiaria do servizo.

Visto que o Concello solicitara a dita bonificación, con data 20/02/2019 asumindo ditos compromisos.

Visto que polo Pleno do Concello, na sesión de 21/11/2019 adoptárase o acordo de engadir á Ordenanza Fiscal núm.7 Reguladora da Taxa de Recollida de Resíduos Sólidos Urbanos unha “Disposición Adicional Primeira” co seguinte texto:

“Disposición Adicional Primeira.-Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia estableza unha bonificación do 10% no canon unitario de Sogama e o Concello de LOURENZÁ deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establecerase unha bonificación no importe da tarifa do cuarto trimestre equivalente a dita bonificación, de tal maneira que, para o presente exercicio, as contías das tarifas do cuarto trimestre serán as seguintes , consonte o seguinte cadro e que ven a supor unha rebaixa lineal do 13,5% na tarifa do carto trimestre do ano 2019:

NOVO CADRO TARIFAS 4º TRIMESTRE/19 CO DESCONTO 13,50%					
EPIGRAFE	TARIFA 4º TRIMESTRE	DESCONTO NA TARIFA DUN 13,50% Euros	TARIFA A PAGAR CON DESCONTO Euros	NÚM. ABONADOS 3TRIM.	TOTAL DESCONTO Euros
EP.1º.-VIVENDAS	30,20	4,08	26,12	392	1.599,36
EP.2º.-ALOXAMENTOS, LETRA D): Pensiões, Casas de Hóspedes, Ctros. hospitalarios, Colexios e análogos	40,46	5,46	35,00	3	16,38
EP.3º.-ESTABLECEMENTOS ALIMENTAC. LETRA A) Supermercados, economatos e cooperativas	81,06	10,94	70,12	4	43,76
EP.3º.-ESTABLECEMENTOS ALIMENTAC. LETRA B) Almacéns ó por maior froitas, verduras e hortalizas.	81,06	10,94	70,12	1	10,94
EP.3º.-ESTABLECEMENTOS ALIMENTAC. LETRA C) Pescaderías, Carnicerías y similares	40,46	5,46	35,00	2	10,92
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACIÓN LETRA A) Restaurantes.	80,86	10,92	69,94	3	32,76
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACIÓN LETRA B) Cafeterías.	40,46	5,46	35,00	1	5,46
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACIÓN LETRA D) Bares	40,46	5,46	35,00	3	16,38
EP.5.-ESTABLECEMENTOS ESPECTÁCULOS					



Cod. Validación: 976YKR7PK7DN5G4HYKG2ND7QL | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 23



Concello de Lourenzá

LETRA B)Salas festas e discotecas.	48,94	6,61	42,33	1	6,61
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTIS.LETRAS B) Oficinas bancarias.	40,46	5,46	35,00	5	27,30
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTIS.LETRAS C) Grandes almacéns e establecementos.	48,94	6,61	42,33	10	66,10
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTIS.LETRAS D) Demais locais no expresamente tarifados.	48,94	6,61	42,33	24	158,64
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTIS.LETRAS D) Pequenos locais de negocios no expresamente tarifados.	40,46	5,46	35,00	26	141,96
EP.7.-DESPACHOS PROFESIONAIS	40,46	5,46	35,00	6	32,76
EP.8.- VIVENDAS NO MEDIO RURAL	24,16	3,26	20,90	793	2.585,18
				1.274	4.754,51

Visto que no presente ano 2021, as circunstancias son similares, e que con data 01/02/2021, e para o Canon/2021, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) remitiu un escrito, rexistrado nas oficinas municipais o mesmo día 01/02/21 co núm.30, no que se informa que, ó igual que os anos anteriores, haberá a bonificación do 10% sempre que o importe equivalente a devandita bonificación sexa repercutido ás persoas beneficiarias do servizo, e se o importe do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o ano 2021, actualizado conforme o índice de prezos de consumo quedou fixado en 69,48 euros tonelada+IVE, o CANON BONIFICADO, para o mesmo período, fixouse en 62,50 euros tonelada + IVE.

Visto que tamén para o ano 2021, por esta Alcaldía, con data 02/02/2021, solicitouse a citada bonificación asumindo o compromiso de adoptar as medidas necesarias para poder trasladar, con efectos económicos no 2021, o importe equivalente ao da devandita modificación ás persoas beneficiarias do servizo.

Visto que xa está modificada a Ordenanza Fiscal núm.7 Reguladora da Taxa de Recollida de Resíduos Sólidos Urbanos coa inclusión da "Disposición Adicional Primeira".

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: PRIMEIRO.- Aplicar, de conformidade coa Disposición Adicional Primeira da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de Recollida de Resíduos Sólidos Urbanos e porque se dan as circunstancias contidas na mesma, unha rebaixa lineal do 18% na tarifa do trimestre 2021.

A baixa nos recibos sería a sinalada no cadro que se inclúe a continuación, tendo conta o aforro efectivo é real do canon de Sogama dende Xaneiro ata Setembro 2021 aproximado, collendo como referencia os importes do 2020, nos meses de Outubro, Novembro e Decembro, por non ter aínda os recibos desas mensualidades do ano 2021 (incluído tamén estes cadros).

ANEXO I SEGUNDO FACTURAS SOGAMA				
EXERCICIO 2021 (Oct.-Dic.20)	TONELADAS	CANTIDADE PAGADA CON CANON A 62,50 €	CANTIDADE QUE SE TERÍA PAGADO CON CANON A 69,48 €	DIFERENZA
XANEIRO-21	55,41	3.463,13	3.849,89	386,76
FEBREIRO-21	59,65	3.728,12	4.144,48	416,36
MARZO-21	58,90	3.681,25	4.092,37	411,12
ABRIL-21	59,47	3.716,88	4.131,98	415,10
MAIO-21	61,76	3.860,00	4.291,08	431,08
XUÑO-21	67,44	4.215,00	4.685,73	470,73
XULLO-21	74,77	4.673,13	5.195,02	521,89
AGOSTO-21	80,15	5.009,37	5.568,82	559,45





Concello de Lourenzá

Almacéns ó por maior froitas, verduras e hortalizas.					
EP.3º.-ESTABLECEMENTOS ALIMENTACIÓN LETRA C) Pescaderías, Carnicerías y similares	40,46	7,28	33,18	2	14,56
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACIÓN LETRA A) Restaurantes.	80,86	14,55	66,31	3	43,65
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACIÓN LETRA B) Cafeterías.	40,46	7,28	33,18	1	7,28
EP.4.-ESTABLECEMENTOS RESTAURACIÓN LETRA D) Bares	40,46	7,28	33,18	3	21,84
EP.5.- ESTABLECEMENTOS ESPECTÁCULOS LETRA B)Salas festas e discotecas.	48,94	8,81	40,13	1	8,81
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTÍS. LETRAS B) Oficinas bancarias.	40,46	7,28	33,18	5	36,40
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTÍS. LETRAS C) Grandes almacéns e establecementos.	48,94	8,81	40,13	11	96,91
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTÍS. LETRAS D) Demais locais no expresamente tarifados.	48,94	8,81	40,13	24	211,44
EP.6.- OUTROS LOCAIS INDUSTRIAIS O MERCANTÍS. LETRAS D) Pequenos locais de negocios no expresamente tarifados.	40,46	7,28	33,18	26	
EP.7.-DESPACHOS PROFESIONAIS	40,46	7,28	33,18	5	
EP.8.- VIVENDAS NO MEDIO RURAL	24,16	4,35	19,81	791	3.
				1.280	6.3

SEGUNDO.- Notificar dito acordo a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SO) ós efectos oportunos así como á empresa concesionaria Servizos dos Concellos Galegos S.L.U., con CIF. B27154731 e domicilio fiscal en Polígono Industrial de Teixeira, C. Núm.26/15130 Curtis(A Coruña).

TERCEIRO.- Facultar á Sra. Alcadesa para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

É a miña proposta , non obstante a Xunta de Goberno acordará o que estime pertinente en Lourenzá a dezaseis de novembro do dous mil vinte e un.





Concello de Lourenzá

Expediente 581/2021. SUBVENCIONS ACTIVIDADES CULTURAIS 2022: APROBACION BASES.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Neste punto e unha vez coñecido o contido das Bases de referencia e a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases que rexerán o procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións municipais destinadas a Asociacións do concello para a realización de actividades culturais durante o ano sendo o seu contido literal o que segue:

"BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ASOCIACIONES DO CONCELLO PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES CULTURAIS DURANTE O ANO 2022.

1.- FINALIDADE E OXECTO DA SUBVENCION.-

1.1. *As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos que regularán a concesión de axudas, en concorrencia competitiva, destinadas a financiar programas de carácter cultural promovidas por asociacións, que se realicen ao longo do ano 2022, de acordo con principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.*

1.2. *O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto en:*

- a) *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- b) *Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.*
- c) *Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.*
- d) *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.*
- e) *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.*
- f) *Ordenanza reguladora de concesión de subvencións aprobada en Pleno do 14 de agosto de 2014 (BOP n.º 243 de 22 de outubro de 2014).*
- g) *Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Lourenzá.*

1.3. *Convócanse subvencións polo seguinte importe con cargo ao crédito consignado na seguinte aplicación orzamentaria:*





Concello de Lourenzá

Aplicación orzamentaria	Importe	Finalidade
330.48	6.000 €	Subvencións para a realización de actividades culturais

2.- ACTIVIDADES E GASTOS SUBVENCIONABLES.-

2.1. Poderán ser obxecto desta subvención a realización de programas ou actividades culturais de carácter puntual ou permanente que, no ámbito da cultura, promovan asociacións culturais, veciñais ou colectivos, considerados de interese sociocultural para o Concello de Lourenzá e que estean dirixidas a toda a poboación en xeral.

Serán subvencionables todas aquelas actividades/programas englobadas dentro de calquera das seguintes vertentes: viaxes culturais, música, danza, literatura, audiovisuais, escolas de formación, pintura, encontros, exposicións, obradoiros, conferencias, xornadas e, en xeral, calquera actividade que teña como finalidade a promoción e divulgación dos valores culturais, así como as actividades dirixidas á realización de festas de carácter etnográfico e de valor histórico-cultural.

Serán subvencionables exclusivamente aqueles gastos de natureza corrente nos que incorra o beneficiario no desenvolvemento das actividades tales como actuacións, obradoiros, espectáculos, concertos, compra ou aluguer de material ou equipos, etc.

2.2. Quedan excluídas desta convocatoria as seguintes actividades:

a) As subvencionadas ou financiadas no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou convenios asinados co Concello de Lourenzá.

b) As organizadas por clubs ou asociacións deportivas, por contar con convocatorias específicas.

c) Os gastos derivados da organización de xantares, de eventos gastronómicos ou de exaltación de produtos culinarios.

d) As que atenten contra valores universais como a solidariedade, a paz, a igualdade de xénero, a memoria histórica, a democracia, o respecto ao medio ambiente, a interculturalidade, etc.

e) As que teñan un ámbito de actuación sectorial e que non sexan relevantes a nivel do Concello.

f) As xornadas, encontros, conferencias ou obradoiros que non teñan un carácter de acceso público.

3.- BENEFICIARIOS E REQUISITOS.-

Poderán optar a ser beneficiarios das subvencións que se conceden por medio desta convocatoria as asociacións antes mencionadas e que cumpran os seguintes requisitos:





Concello de Lourenzá

1.- *Estar legalmente constituídas e que teñan o seu domicilio social en Lourenzá.*

2.-*Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lourenzá con anterioridade ao día de publicación da presente convocatoria.*

3.- *Desenvolver as súas actividades total ou parcialmente no termo municipal do Concello de Lourenzá.*

4.- *Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Lourenzá.*

5.- *Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Lourenzá.*

4.- CARÁCTER DA SUBVENCIÓN.

As subvencións do Concello de Lourenzá para o ano 2022 terán un carácter voluntario e eventual.

O Concello de Lourenzá, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, revogalas ou reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2022 non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, o Concello de Lourenzá quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive de actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

5.- PROCEDIMENTO E CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.-

As solicitudes serán estudadas e resoltas pola Xunta de Goberno, tras a proposta formulada por unha Comisión de Valoración constituída da seguinte forma:

PRESIDENTE: A Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello ou o Concelleiro en quen delegue ou a substitúa legalmente.

VOGAL: O Técnico Municipal de Cultura.

SECRETARIA: A Secretaria-Interventora da Corporación ou funcionario en quen delegue ou a substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con función de asesoramento.

6.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.-

A contía das axudas determinarase en función dos seguintes criterios e puntuacións:

a) *Adecuación do Plan de Actividades ao interese municipal e participación e colaboración en actividades/eventos organizados polo Concello de Lourenzá (festas patronais, festas de Nadal, Festa de Faba, Entroido, Festa Campesiña, etc). Ata 40 puntos.*

b) *Actividades realizadas nas zonas rurais. Ata 15 puntos.*

c) *Actividades de fomento da cultura galega. Ata 15 puntos.*





Concello de Lourenzá

d) *Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. Ata 30 puntos.*

A contía da subvención outorgada establecerase mediante o rateo entre os beneficiarios do importe total máximo destinado. Para elo calcularase o importe total por punto dividindo o importe total asignado para as axudas entre a puntuación total obtida por todos os beneficiarios, e unha vez determinado dito valor determinarase o importe correspondente a cada beneficiario en función da puntuación total obtida de acordo coas valoracións anteriormente indicadas.

7.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.-

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a contar desde o día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

As solicitudes e demais documentación presentaranse exclusivamente e de xeito obrigatorio nos modelos normalizados establecidos a tal efecto, salvo no caso da memoria da actividade, que poderá presentarse en formato libre sempre que recollan os contidos mínimos que se establecen no modelo da mesma. Ditos modelos facilitaranse no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web do Concello de Lourenzá.

As solicitudes deberán ser presentadas preferiblemente a través do Rexistro Electrónico do Concello de Lourenzá. Igualmente serán admitidas aquelas solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- DOCUMENTACIÓN.-

As asociacións que reúnan os requisitos establecidos na Base 2 poderán presentar a súa solicitude xunto coa seguinte documentación:

a) Modelo de solicitude. (Anexo 1)

b) Fotocopia compulsada do CIF da asociación solicitante e do NIF do representante.

c) Declaración responsable do representante da asociación relativa a que a documentación que obra en poder do Concello, aos efectos do Rexistro Municipal de Asociacións, se atopa debidamente actualizada. (Anexo 2)

d) Certificación dos datos bancarios do solicitante, orixinal ou copia cotexada.

e) Certificación relativa a estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. Así mesmo, comprobarase de oficio a ausencia de débedas do solicitante co Concello de Lourenzá.

f) Proxecto ou memoria explicativa da actividade para a que solicita a subvención, con especificación da data e lugar de celebración, obxectivo, número de beneficiarios e definición do tipo de público ao que van destinadas así como as persoas implicadas no





Concello de Lourenzá

desenvolvemento e preparación de ditas actividades. A memoria deberá describir, o máis detalladamente posible, a actividade para a que se solicita a axuda e indicar, no seu caso, o número de edición da mesma. (Anexo 3)

g) Orzamento detallado de gastos da actividade. (Anexo 4)

h) Declaración responsable nas que se indiquen as subvencións solicitadas e as que foron concedidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado. (Anexo 5)

9.- RESOLUCIÓN E COMUNICACIÓN.-

A Xunta de Goberno resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Non se concederá ningunha subvención ata que se xustifiquen axeitadamente subvencións anteriores concedidas polo Concello de Lourenzá.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

As contías e condicións das subvencións poderán ser modificadas no caso de que resulten alteradas as condicións que se tiveron en conta para a súa concesión.

10.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.-

Os beneficiarios disporán dun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención. Transcorrido dito prazo sen que se producise manifestación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada, de acordo co artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003 e no artigo 11 da Lei 9/200, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro destas bases quedan obrigados a:

- a) Realizar a actividade que fundamentou a súa concesión.*
- b) Destinar a subvención obtida á finalidade para a que foi concedida.*
- c) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados.*
- d) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello, facilitando canta información sexa requirida ao respecto.*





Concello de Lourenzá

e) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades subvencionadas, facendo constar na totalidade da publicidade ou actividade informativa que se realice por calquera medio que conta coa subvención do Concello de Lourenzá.

11.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.-

Con carácter xeral, o pagamento realizarase logo da xustificación da efectiva realización da actividade.

Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación da subvención.

So poderán xustificarse gastos polos conceptos que foron indicados no orzamento presentado na solicitude da subvención.

A xustificación deberá realizarse mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá da seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa da actividade, na que se fará unha descrición o máis detallada posible da actividade desenvolvida.

b) Orixinais ou fotocopias cotexadas das facturas polo importe mínimo da subvención concedida.

c) Xustificantes de pago das facturas utilizadas para a xustificación. Só se admitirán como xustificantes os pagos realizados mediante transferencia ou ingreso bancario. (Anexos 6, 7 e 8)

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial e non serán admitidos aqueles que non teñan relación directa coa actividade subvencionada.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do orzamento presentado, aboarase a parte proporcional ao gasto xustificado.

Para cobrar a axuda concedida comprobarase que os beneficiarios se atopan ao corrente das obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Lourenzá.

O prazo de presentación da xustificación rematará o día 30 de decembro de 2022.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo máximo de dez días para a súa corrección.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante.

12.- DISPOSICIÓN FINAL.-

O Concello de Lourenzá é o responsable do tratamento dos datos das persoas solicitantes e infórmaas que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016.

SEGUNDO.- Efectuar convocatoria para a concesión de subvencións para as actividades culturais 2022, de conformidade con disposto nas base séptima das mesmas.





Concello de Lourenzá

TERCEIRO.- Publicar a mencionada convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na páxina Web do Concello.

Expediente 591/2021. SOLICITUDE SUBVENCIÓN PARA AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía de data 22/11/2021, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA aprobar dita proposta nos termos nos que está redactada e que son os que se transcriben literalmente a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.-D^a. ROCIO LÓPEZ GARCIA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ (LUGO).

Vista a ORDE do 28 de outubro de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351B), publicada no D.O.G. núm. 214 do Luns 08 de Novembro de 2021,

Esta Alcaldía, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da Orde de 28 de outubro do 2021, publicada no DOGA Núm. 214 do luns 08 de Novembro de 2021 polá que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2021, unha axuda para a prórroga da contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) para o Concello de Lourenzá.

SEGUNDO.- En relación ao cálculo das retribucións para as que se solicita a subvención (non se aplica convenio específico, polo tanto os custos calcúlanse por similitude a outras nóminas do mesmo traballador de meses anteriores), as cantidades do salario serían as seguintes:

SALARIO BRUTO MENSUAL	GRUPO COTIZACÓN	CNAE4 DIXITOS	COTIZACIÓEMPRESARIAL A S.SOCIAL	TOTAL SALARIO +S.SOCIAL MENSUAL	TOTAL SALARIO +S.SOCIAL ANUAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
1.444,62 €	2	8411	473,12€ (32,75%)	1.917,74 €	23.012,88 €	5.753,22 €

TERCEIRO.- Comprometerse por parte do concello ó abono das





Concello de Lourenzá

retribucións na parte que non sexa subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade con cargo ás partidas presupostarias 241.131/241.160/241.230 do vixente presuposto municipal así como o cumprimento das obrigacións contidas na Orde ó abeiro da cal se solicita a subvención.

CUARTO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

É a miña proposta, non obstante a Xunta de Goberno Local acordará o que estime procedente en Lourenzá, a 22 de Novembro de 2021.”

Expediente 579/2021. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DO CONCURSO POSTAIS NADAL 2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistas as Bases do concurso de postais do Nadal 2021, dirixidas aos escolares de Educación Infantil e Primaria do Concello de Lourenzá, que se transcriben seguidamente:

“1.- O concurso de postais Nadal 2021 vai dirixido aos escolares de Educación Infantil e Primaria do concello de Lourenzá.

2.- O motivo do concurso será escoller a felicitación do Concello de Lourenzá para o Nadal 2021. Será publicada na páxina web e nas redes sociais do Concello.

3.- As obras terán como tema o Nadal, a técnica será libre e serán presentadas nunha cartolina tamaño A4.

4.- As postais entregaranse sen asinar e acompañadas dun sobre pechado que conteña os datos do autor/a (nome e apelidos, idade e teléfono de contacto).

5.- Establécese un único premio de 100 € e trofeo, que será entregado durante as vacacións de Nadal.

6.- O prazo de entrega das postais rematará a 17 de decembro e efectuarase nas dependencias da Biblioteca Municipal.

7.- As obras presentadas pasarán a ser propiedade do Concello de Lourenzá.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO: Aprobar as Bases do concurso de postais do Nadal 2021, dirixidas aos escolares de Educación Infantil e Primaria do Concello de Lourenzá.

SEGUNDO.- Publicar as citadas Bases na páxina Web do Concello de Lourenzá.





Concello de Lourenzá

Expediente 18/2021. APROBACIÓN DE SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO DE CULTURA INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO 2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que no Plan Único da Deputación Provincial de Lugo do exercicio do 2021 estaba incluído dentro das actividades culturais o certame de teatro e actividades nas Parroquias, das que non se puideron celebrar parte delas por mor da pandemia do Covid19.

Visto o novo proxecto que inclúe o Festival Bal y Gay e a exposición "Luis Seoane ao Natural" que se transcribe seguidamente:

"XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE ELABORAR UN NOVO PROXECTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS"

Por mor da pandemia da covid 19; o concello de Lourenzá vese na imposibilidade de levar a cabo a totalidade das actividades culturais incluídas inicialmente no proxecto presentado inicialmente perante a Deputación Provincial de Lugo ao abeiro do Plan Único 2021 ; e preséntase un novo proxecto de actividades culturais mantendo o mesmo orzamento ; pero substituíndo o certame de teatro e as actividades nas parroquias por unha exposición de Luis Seoane e actividades de nadal:representación teatral e actuación música tradicional galega

1.- FESTIVAL BAL Y GAY

OBXECTIVO

.- Achegar ao público infantil diferentes ritmos musicais do mundo

DATAS DE CELEBRACIÓN : Entre os meses de xullo e agosto

ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE E FINANCIAMENTO

Gastos:

Actuacións musicais : 2500 €

Gastos totais: 2500 €

Financiamento: 100% a cargo do Plan Único da Deputación Provincial de Lugo do ano 2021.

2. EXPOSICIÓN " LUIS SEOANE AO NATURAL "

OBXECTIVOS:

Achegar a este concello obras orixinais deste artista galego

Difundir entre a cidadanía á Arte Galega

DATAS: outubro e novembro

ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE E FINANCIAMENTO

Gastos :

Cartelería : 508,20 €

Seguros dos cadros que compoñen a exposición : 1544,09 €

Material a empregar para a montaxe da exposición (film burbullas, papel, cinta krepp): 136,67 Euros.

Gastos: 2.188,96 €

Financiamento: 100 % a cargo do Plan Único da Deputación





Concello de Lourenzá

Provincial de Lugo

3.- ACTIVIDADES DE NADAL :REPRESENTACIÓN TEATRAL E ACTUACIÓN DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

OBXECTIVOS:

- .- Difundir o teatro profesional galego entre a veciñanza.
- .- Achegar ao público a música tradicional galega

DATAS DE CELEBRACIÓN:

Mes de decembro

ORZAMENTO

- .- Actuación Teatral : 2117,00 €
- .- Actuación de Música Tradicional galega : 1194,04€

Gastos totais: 3.311,04 €

Financiamento: 100% a cargo do Plan Único da Deputación Provincial de Lugo

ORZAMENTO TOTAL DE GASTOS PARA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS 2021 : 8.000 €

FINANCIAMENTO: 100% a cargo do Plan Único da Deputación Provincial de Lugo.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o proxecto de actividades culturais do Concello de Lourenzá que inclúe o Festival Bal y Gay e a exposición “Luis Seoane ao Natural”.

SEGUNDO: Solicitar á Deputación Provincial de Lugo, o cambio de proxecto incluído no Plan Único do 2021, substituíndo o anterior proxecto polo actual que inclúe o Festival Bal y Gay e a exposición “Luis Seoane ao Natural”.

ALTA SAF URXENCIA LIBRE CONCORENCIA DE D^a.M^a. EMERITA GONZÁLEZ RIVAS.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a comunicación da Traballadora Social do Concello relativa ao alta no Servizo de Axuda no Fogar, por motivos de urxencia de D^a. EMERITA GONZALEZ RIVAS con DNI. núm. ****7579Z, con domicilio en Outeiro, 2 da Parroquia de San Jorge deste termo, na modalidade de libre concorrencia, a Xunta de Goberno, á vista do informe emitido pola Traballadora Social con data 27/10/21, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Darse por enterada do alta no servizo de “Axuda no Fogar”, a través do sistema de libre concorrencia a D^a. EMERITA GONZALEZ RIVAS de 5 horas á semana polo que deberá abonar cen euros (100,00) mensualmente o que supón a 5 euros/hora.





Concello de Lourenzá

Expediente 590/2021. SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DE RECOLLIDA DE LIXO DE ISAAC E HIJOS S.L.

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista solicitude de 10/11/21021 subscrita por ISAC E HIJOS S.L., con NIF. núm. B70090295, con domicilio en Camporrapado, s/n do Termo Municipal de Boqueixón (A Coruña), na que solicita o alta no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos no edificio industrial sito no Polígono Industrial de Lourenzá, da Parroquia de Santa María deste Termino Municipal.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dita alta con efectos do cuarto trimestre do 2021 epígrafe industrial.

Expediente 589/2021. SOLICITUDE DE ALTA NO PADRÓN DE RECOLLIDA DE LIXO DE D^a TINGTING PAN

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista solicitude de 12/11/21021 subscrita por D^a. TINGTING PAN, con NIF. núm. ****3891T, con domicilio en Rúa Fernández del Riego núm. 7, 1^o A da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o alta no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Rúa Fernández del Riego núm. 7, 1^o A da Parroquia de Santa María deste Termino Municipal.

Por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar dita alta con efectos do cuarto trimestre do 2021.

Expediente 584/2021. SOLICITUDE BAIXA DE RECOLLIDA DE LIXO D^a ALICIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista solicitude de 10/11/21 subscrita por D^a. ALICIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ con DNI. núm. 1578G, e domicilio en Recemil núm. 12 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Travesía da Mariña núm. 11 baixo, Santa María, por peche de negocio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Autorizar a baixa de D^a Alicia Fernández Fernández no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Travesía da Mariña núm. 11





Concello de Lourenzá

baixo, Santa María, con efectos do cuarto trimestre de 2021.

Expediente 588/2021. SOLICITUDE DE D^a BEGOÑA OURAL CASTRO DE BAIXA NO PADRÓN DE LIXO EN AVDA. DO VAL, 16 E ALTA EN CALVO SOTELO, 4

Favorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A.- SOLICITUDE DE D^a BEGOÑA OURAL CASTRO DE BAIXA NA RECOLLIDA DE LIXO EN AVDA. DO VAL NÚM. 16.

Vista solicitude de 02/11/21 subscrita por D^a BEGOÑA OURAL CASTRO con NIF Núm. ****3080T, con domicilio en as Pedreiras núm. 13 da Parroquia de Santo Tomé, Lourenzá, na que solicita a baixa no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Avda. do Val núm. 16 baixo, Santa María, por peche de negocio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Autorizar a baixa de D^a Begoña Oural Castro no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Avda. do Val núm. 16, Santa María, con efectos do cuarto trimestre do 2021.

B.- SOLICITUDE DE D^a BEGOÑA OURAL CASTRO DE ALTA NA RECOLLIDA DE LIXO EN AVDA. CALVO SOTELO, NÚM. 4

Vista solicitude de 02/11/21 subscrita por D^a BEGOÑA OURAL CASTRO con NIF Núm. ****3080T, con domicilio en as Pedreiras núm. 13 da Parroquia de Santo Tomé, Lourenzá, na que solicita o alta no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Avda. Calvo Sotelo núm. 4, Santa María deste Termo Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Autorizar o alta no Padrón de recollida de lixo en Avda. Calvo Sotelo, núm. 4, por apertura de parafarmacia e mercería con efectos do cuarto trimestre do 2021.

Expediente 198/2021. SOLICITUDE PARA A XESTIÓN DO CARTÓN DE APARCADOIRO PARA DISCAPACITADOS.

Desfavorable | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Este asunto quedou sobre a mesa á espera do informe do Equipo de Valoración e Orientación da Sección de Cualificación e Valoración de discapacidades da Consellería de Política Social.





Concello de Lourenzá

Expediente 78/2019. SOLICITUDE RESERVA DE APARCAMIENTO D^a BEGOÑA OURAL CASTRO, ALTA DE D. MIGUEL ANGEL VIDAL GARCÍA E BAIXA VADO DE D^a. ONELIA VIZOSO.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A.- SOLICITUDE DE RESERVA DE APARCAMIENTO DE D^a BEGOÑA OURAL CASTRO

Vista a solicitude presentada por D^a BEGOÑA OURAL CASTRO con NIF Núm. ****3080T, con domicilio en as Pedreiras núm. 13 da Parroquia de Santo Tomé, Lourenzá, na que solicita lle sexa concedido un permiso de reserva de aparcamento para carga e descarga nunha lonxitude de 5 metros en Calvo Sotelo, núm. 4 baixo, da Parroquia de Santa María.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 18/11/21 en sentido favorable.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

1º. - Conceder reserva de aparcamento para carga e descarga nunha lonxitude de 5 metros, en Calvo Sotelo, núm. 4 baixo, de este termo municipal.

2º.- A licenza concédese previo cumprimento das seguintes condicións:

a.- Sinalizarse en amarelo a parte da vía pública que é obxecto de reserva de aparcamento.

b.- A concesión da reserva de aparcamento efectúase ao solicitante, que no seu caso, pedirá a baixa do mesmo, sendo mentres tanto, suxeito pasivo da taxa ante esta entidade, segundo a ordenanza vixente.

d.- Abono das Taxas regulamentarias.

e.- Instalación da sinal normalizada correspondente.

3º.- A licenza concédese en precario, sen perxuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade.

B.- BAIXA VADO D^a ONELIA VIZOSO GAYOSO.

Visto o escrito presentado por D^a. ONELIA VIZOSO GAYOSO con DNI. Núm. ****8889P, con domicilio en Bodegas, núm. 6, Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, no que solicita a baixa do vado nº 14 sito en Paseo de Oya, nº 5, Santa María.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

Conceder a baixa do vado nº 14 sito en en Paseo de Oya, nº 5, Santa María a nome de D^a ONELIA VIZOSO GAYOSO, con efectos do_31 de decembro do 2021.

C.- ALTA VADO D. MIGUEL ANGEL VIDAL GARCÍA.

Visto o escrito de solicitude de data 02/11/2021 presentado por D.



Cod. Validación: 976YKR7PK7DN5G4HYKG2ND7QL | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 23



Concello de Lourenzá

MIGUEL ANGEL VIDAL GARCÍA con DNI. nº 6830P con domicilio en Ponte da Pedra núm. 8 da parroquia de Santa María deste termo municipal, que solicita lle sexa concedido un permiso de vado permanente de tres (3.-) metros en Ponte da Pedra, núm. 8, Santa María.

A Xunta de Goberno Local, á vista do escrito, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro. - Conceder reserva para entrada de vehículos a través das beirarrúas (vado) nunha lonxitude de tres metros, en Ponte da Pedra, núm. 8, deste termo municipal.

Segundo.- A licenza concédese previo cumprimento das seguintes condicións:

a.- A concesión do vado implica unha prohibición xeral de aparcamento para deixar sempre expedita a saída (que afecta incluso aos residentes no inmovible).

b.- Sinalizarse en amarelo a parte da vía pública que é obxecto de vado.

c.- A concesión de vado efectúase ao solicitante, que no seu caso, pedirá a baixa do mesmo, sendo, mentres tanto, suxeito pasivo da taxa ante esta entidade, segundo a ordenanza vixente.

d.- Abono das Taxas regulamentarias.

e.- Instalación da sinal normalizada correspondente.

Terceiro.-

A licenza concédese en precario, sen perxuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade.

FACTURAS NOVIEMBRE 2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

NOME E NIF. ACREDOR	NÚM. FACTURA E DATA	CONCEPTO	IMPORTE (IVE incluído)
LUMIEIRA, GESTIÓN URBANÍSTICA CIF. B15679608	Núm. 58/2021 de 14/04/2021	Honorarios Recurso Contencioso 309/2017 liquidación execución subsidiaria sentencia 715/2007	3.630,00
Mª. PILAR PORRAL IGLESIAS	Núm.22 de 18/11/21	Obradoiros de formación en	5.880,00





Concello de Lourenzá

CIF.ES33536432V		Igualdade (56)	
ESPÚBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. CIF.A50878842	Núm.202120211 7994 de 19/11/2021	Servizos Gestiona: Subscrición e Mantemento	7.023,76
CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500H	Num.2331 de 24/11/21	Recollida Lixo mes de Xullo	14.444,54
CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500H	Num.2330 de 24/11/21	Recollida Lixo mes de Agosto	15.647,95
CONCELLO DE BARREIROS CIF.P2700500H	Num.2329 de 24/11/21	Recollida Lixo mes de Setembro	12.135,19
TOTAL			58.761,44

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 976YKR7PK7DN5G4HYKG2ND7QL | Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 23